



CONCELLO DE TORDOIA ( A Coruña )  
Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005  
[servizos.sociais@tordoia.gal](mailto:servizos.sociais@tordoia.gal)

# BANDO

Don **EDUARDO ANTONIO PEREIRO LIÑARES**, alcalde  
do Concello de **TORDOIA (A Coruña)**

## FAI SABER

Que a **Fundación Universia** convoca **Becas para estudantes universitarios con discapacidade** para o curso académico 2019/20

**Obxecto:** Fomentar a inclusión sociolaboral das persoas con discapacidade, contribuíndo a facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades a través dunha educación inclusiva.

Mediante a concesión de axudas económicas esta iniciativa persegue que os estudantes universitarios con discapacidade poidan acceder e progresar no seu proceso de formación académica universitaria ata a finalización de estudos, incrementando deste xeito as oportunidades de consecución dun emprego de calidade.

**Beneficiarios/as:** Estudantes españois ou estranxeiros residentes en España que se atopen matriculados ou estean en condicións de matricularse, por primeira vez, en ensinos de grao e de máster impartidas por calquera universidade do mundo e que acrediten legalmente unha discapacidade igual ou superior ao 33%. Así mesmo, incluíranse os ensinos de plans de estudo antigos e títulos propios de máster. As solicitudes serán unipersonales e só se admitirá unha solicitude por persoa.

### Modalidades:

1. Acceso: dirixidas a estudantes que se matriculan por primeira vez en estudos universitarios de grao.
2. Progreso: dirixidas a estudantes que xa accedesen á universidade.
3. Mobilidade: dirixidas a estudantes que, en virtude dun programa de intercambio da propia universidade, desexen realizar un período de formación, como mínimo dun trimestre, nunha universidade distinta á súa de orixe con destino internacional.
4. De Plan ADOP: dirixidas a estudantes deportistas con discapacidade adscritos ou Plan ADOP, de novo acceso ou que xa estén realizando estudos universitarios.
5. De LaLiga Genuine Santander: dirixidas a estudantes, membros dalgún Club/SAD que participe en LaLiga Genuine Santander que se matriculen no curso 2019/2020 en formacións universitarias específicas para "xóvenes con discapacidade intelectual".

**Lugar de presentación de solicitudes:** únicamente por vía telemática cumprimentando o formulario e adxuntando a documentación adicional en formato Word .doc ou Adobe Acrobat .pdf. Os Servizos de Atención ás Persoas con Discapacidade de cada universidade servirán de nexa de unión entre o estudante e Fundación Universia, proporcionándolle ao primeiro a información necesaria para a correcta presentación da súa solicitude. **Prazo:** ata o 18 de outubro de 2019 ás 18.00 h.

**Máis información: servizos sociais municipais, no teléfono: +34 91 289 56 03** ( en horario de luns a xoves de 9.00 a 14.30 e de 15.30 a 18.00, e os venres de 9.00 a 15.00 horas), e <https://www.fundacionuniversia.net/correo/contacto-contacto.html>

<https://becas.fundacionuniversia.net/es>

Tordoia , a 26 de agosto de 2019

O alcalde

